

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**13302** *Real decreto 1006/2014, do 5 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 8/2014, do 22 de abril, sobre cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española.*

A Lei 8/2014, do 22 de abril, sobre cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, establece un novo esquema mediante o cal o Estado, a través dun axente xestor, dará cobertura a determinados riscos da internacionalización, e fixa o marco regulatorio en que o axente xestor actuará por conta do Estado. A disposición derradeira cuarta da dita lei establece que o Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, ditará as normas regulamentarias precisas para o seu desenvolvemento e execución. Neste sentido, este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento das previsións da Lei 8/2014, do 22 de abril, respecto ás operacións, aos contratantes, aos riscos susceptibles de seren cubertos por conta do Estado e ás modalidades de seguro ou de garantía que se poden utilizar para a cobertura.

Tal e como considera a disposición adicional segunda da Lei 8/2014, do 22 de abril, durante un prazo de oito anos a Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación, Sociedade Anónima, en diante, Cesce, actuará como axente xestor e seguirá prestando os seus servizos de xestión das modalidades de cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da empresa española. Unha vez transcorrido o dito prazo, a selección do axente xestor deberase realizar garantindo a idoneidade dos candidatos, entre os que se seleccionará o que asegure a eficaz xestión da conta do Estado, coas restricións que exige o control público do sistema de apoio oficial á internacionalización.

O conxunto de dereitos e obrigacións do axente xestor recollerase no convenio de xestión suscrito entre o ministro de Economía e Competitividade e a Cesce, como axente xestor, en principio e, posteriormente, con quen resulte designado como tal. Mediante este convenio de xestión, o axente xestor asumirá a xestión en exclusiva deste servizo de interese económico xeral que, con suxeición á normativa da Unión Europea e española, atenderá, de maneira prioritaria, á necesidade de preservar os intereses da política comercial española no cumprimento da misión de interese económico xeral que se lle encarga.

Este real decreto detalla o contido do convenio de xestión, así como os termos e condicións da habilitación para que o axente xestor actúe por conta do Estado. Así mesmo, desenvolve o procedemento transparente, obxectivo e previsible polo cal a Secretaría de Estado de Comercio apreciará as circunstancias relevantes relativas ao conflito de interese tanto para ser designado como axente xestor como durante a vixencia do convenio de xestión. Por outra parte, tamén para asegurar que se preservan os intereses da política comercial española e en liña coa política española de xestión da débeda externa, determínase a forma en que se instrumentará a separación estrita entre operacións por conta propia e por conta do Estado, as instrucións e directrices que debe recibir o axente xestor para subscribir convenios sobre moratorias e remisións parciais ou totais de débeda e o seu sistema de retribución.

Para garantir que o axente xestor desempeña as súas atribucións conforme as instrucións dos órganos responsables da política comercial, a Lei 8/2014, do 22 de abril, crea a Comisión de Riscos por Conta do Estado, en diante, a Comisión de Riscos, como órgano colexiado interministerial adscrito ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Comercio. A Comisión de Riscos é o órgano de decisión, control, seguimento e participación da Administración xeral do Estado na xestión que realice o axente xestor na súa actividade por conta do Estado. Tal como se establece na exposición de motivos da Lei 8/2014, do 22 de abril, a Comisión de Riscos debe velar

por que a dita xestión se realice con dilixencia e en condicións idóneas, asignando á dita xestión os recursos necesarios, cumprindo coas prioridades da nosa política comercial e permitindo aos nosos exportadores competir en igualdade de condicións.

A Lei 8/2014, do 22 de abril, regula a composición da Comisión de Riscos, determinados aspectos relativos ao seu funcionamento e delimita as súas funcións, deixando para o desenvolvemento regulamentario posterior o desenvolvemento destes e do seu réxime xurídico, que incluírá, entre outros aspectos, as regras respecto a quórum, sistema de votación e de adopción de acordos, o réxime de delegación e suplencia, así como as normas de funcionamento interno que o desenvolvan.

Por outra parte, a lei delimita o marco económico-financieiro en que o axente xestor realizará as tarefas encomendadas e establece, de forma clara, que o Estado asumirá a responsabilidade última como garante ou asegurador das coberturas concertadas pola súa conta. Para isto, os orzamentos xerais do Estado fixarán anualmente o límite das ditas coberturas.

Ademais, a lei prevé a creación dun Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización de titularidade estatal co fin de facilitar a xestión dos recursos á disposición do axente xestor e de mellorar a súa calidade crediticia sen que isto implique custo adicional ningún para o Estado nin limitación ningunha dos seus dereitos. Deste modo, este real decreto desenvolve o marco orzamentario, económico-financieiro, contable e de control delimitado na Lei 8/2014, do 22 de abril.

A administración da cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española require un proceso de xestión que comprende desde a análise das operacións de exportación ou de financiamento que se pretendan asegurar, e o seu seguimento para procurar o bo fin ou, se for o caso, o seu salvamento, até a tramitación e liquidación de sinistros así como as accións de recuperación dos créditos impagados, xa sexa fronte aos debedores individuais xa sexa fronte aos correspondentes países, e de acordo coa política española de xestión da débeda externa. De conformidade coa normativa vixente e cos termos dos contratos de seguro ou afianzamento, o axente xestor da cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización vén obrigado a realizar tal xestión, achegando os recursos e os medios necesarios, velando tanto polos intereses do Estado, na parte asegurada, como polos dos asegurados, na parte non asegurada.

Neste sentido e de conformidade coa Lei 8/2014, do 22 de abril, corresponde ao ministro de Economía e Competitividade a autorización das novas modalidades de cobertura aseguradoras, reaseguradoras así como as condicións e os termos xerais aplicables ás correspondentes contratacións de seguros.

De igual modo, este real decreto, de conformidade co artigo 5.5 da Lei 8/2014, do 22 de abril, tal e como xa era de aplicación ao abeiro do artigo 3 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, e co artigo 25.6 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 20 de outubro, establece que as cláusulas especiais e particulares dos contratos de seguros as define para cada operación o axente xestor, de conformidade co principio de liberdade de pactos e baixo o marco da mellor defensa do interese do Estado sen que, como até agora, se encontren sometidas a réxime de autorización previa.

O artigo 29.1 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, establece que as provisións técnicas deberán reflectir no balance das entidades aseguradoras o importe das obrigacións asumidas que derivan dos contratos de seguros e reaseguros e que as ditas provisións se deberán constituír e manter por un importe suficiente para garantir, atendendo a criterios prudentes e razoables, todas as obrigacións derivadas dos referidos contratos. En virtude desta disposición, o axente xestor está obrigado a constituír unha provisión técnica que garanta as obrigacións de xestión derivadas tanto dos contratos de seguro como da normativa que lle é aplicable. Esta provisión debe cubrir a xestión máis alá da duración dos riscos en curso ou do período de tramitación e liquidación de sinistros, toda vez que nos riscos de internacionalización a xestión de recuperación dos créditos

impagados e dos correspondentes convenios sobre moratorias e remisións de débeda adquiere unha importancia relevante tanto para os intereses do Estado como para os dos asegurados.

Dado que o artigo 29.2 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, ao enumerar cales son as provisións técnicas, non prevé ningunha provisión adecuada para cubrir as obrigacións referidas no parágrafo anterior, resulta necesario incorporar ao citado regulamento a provisión técnica de xestión de riscos derivados da internacionalización asegurados por conta do Estado. Con tal fin, inclúese neste real decreto unha disposición derradeira que modifica o citado regulamento, engadindo ao artigo 29.2 a enumeración da dita provisión e, por outro lado, incluíndo no artigo 48 bis a descrición do método de cálculo desta.

Este real decreto foi obxecto do preceptivo trámite de audiencia e, así mesmo, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos emitiu informe sobre el.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto na disposición derradeira cuarta da Lei 8/2014, do 22 de abril.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por finalidade establecer as disposicións de desenvolvemento e aplicación da Lei 8/2014, do 22 de abril, de cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española.

## CAPÍTULO II

### Operacións

#### Artigo 2. *Delimitación das operacións de internacionalización da empresa e da economía española obxecto de cobertura.*

1. O axente xestor cubrirá os riscos das operacións de internacionalización da economía española por conta do Estado. Para estes efectos, entenderase que son operacións de internacionalización aquelas operacións de investimento directo no exterior e as de exportación de bens e/ou servizos, incluídas as que leven asociados proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación, así como o financiamento e a garantía ou o afianzamento destas operacións, que defina en cada momento o Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Comercio.

2. Dentro das operacións de internacionalización, o Estado dirixirá a súa actividade prioritariamente ás operacións de interese estratéxico para a internacionalización. O carácter estratéxico determinarao a Secretaría de Estado de Comercio de acordo co artigo 3.6 da Lei 8/2014, do 22 de abril, e, en caso de que non concorran tales requisitos, será a Comisión de Riscos por conta do Estado a que xustifique que existen circunstancias especiais, seguindo as directrices do Ministerio de Economía e Competitividade, fundamentándoas en que a operación de internacionalización implique, entre outros, o impulso da marca, a transferencia de tecnoloxía, a contribución do proxecto á mellora da produtividade dos investimentos no exterior, a adquisición de créditos de carbono, a fabricación de equipamentos subministrados por filiais españolas en terceiros países e a

vinculación da operación con contratos de concesión para prestación de servizos que comporten o investimento de empresas españolas no exterior e as das empresas nacionais que provexan ás anteriores bens e servizos, ou que sexan contratos necesarios e complementarios para realizar as operacións de internacionalización.

3. Nas operacións de exportación obxecto de cobertura, a Comisión de Riscos por conta do Estado, en diante, a Comisión de Riscos, poderá, seguindo as directrices da Secretaría de Estado de Comercio, determinar a porcentaxe de bens e servizos nacionais mínima que se vai incorporar nelas para que sexan obxecto de cobertura.

#### Artigo 3. *Asegurados e beneficiarios das garantías.*

1. O Estado, a través do seu axente xestor, poderá celebrar contratos de cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización coas empresas ou coas entidades financeiras –calquera que sexa o seu lugar de establecemento ou rexistro– que interveñan no financiamento, na execución e no afianzamento de operacións de internacionalización da empresa e da economía española.

2. Cando o carácter excepcional dunha operación o requira, a Secretaría de Estado de Comercio, por proposta da Comisión de Riscos, poderá autorizar a celebración de contratos de cobertura con entidades distintas das previstas no número precedente.

3. A contratación realizarase, en todo caso, co axente xestor, que asumirá a cobertura por conta do Estado. O Estado responderá das obrigacións asumidas polo axente xestor por conta daquel.

4. As relacións entre o axente xestor e o Estado non afectarán os dereitos e obrigacións dos contratantes das coberturas fronte ao axente xestor que deriven dos contratos. Na súa formalización do contrato de cobertura, o axente xestor fará constar que actúa por conta do Estado.

### CAPÍTULO III

#### Riscos

#### Artigo 4. *Delimitación dos riscos susceptibles de cobertura.*

1. Son riscos da internacionalización aqueles susceptibles de xerar perdas nas operacións de internacionalización das empresas e da economía española.

Os riscos cubertos por conta do Estado poderán ser, de conformidade co disposto polo artigo 3 da Lei 8/2014, do 22 de abril, sobre cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, de carácter comercial, político, extraordinario, ou de calquera outra natureza, sempre que estean previstos nas garantías autorizadas, ou nas modalidades de póliza de seguro autorizadas ou que poida autorizar o ministro de Economía e Competitividade como cobertura de riscos por conta do Estado.

2. O axente xestor non cubrirá por conta do Estado os riscos que se definan como negociables de conformidade coa normativa comunitaria e, en especial, de acordo coas comunicacións da Comisión para a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

3. Coa excepción das operacións que se cubran mediante garantía e as demais que determine a Comisión de Riscos, a cobertura non comprenderá o risco legal da operación.

Para estes efectos, enténdese por risco legal a adecuación a dereito, de conformidade coa lexislación e xurisdición a que se sometesen as partes, do contrato que instrumenta a operación de internacionalización ou do seu financiamento, incluíndo os medios de pagamento e as garantías previstas nel, de tal forma que sexa plenamente válido e exixible o crédito ou os dereitos económicos derivados da operación de internacionalización.

## Artigo 5. *Riscos comerciais.*

1. Constitúen riscos comerciais susceptibles de cobertura, entre outros, os derivados das seguintes situacións:

a) A declaración xudicial de insolvencia, ou o seu equivalente na lexislación do seu país, do debedor privado e, se for o caso, do seu garante, ou a subscripción cos seus acredores dun convenio xudicial ou transacción que implique redución ou quitación do crédito, sempre que fose aceptada polo axente xestor.

b) A imposibilidade de executar a sentenza obtida polo asegurado nun procedemento de reclamación do seu crédito por falta de bens ou dereitos executables do debedor privado, ou do seu garante.

c) A imposibilidade de cobrar por calquera causa prevista na cobertura o crédito garantido, sempre que o incumprimento do debedor e, se for o caso, do garante, non sexa debido a causas imputables ao titular do crédito cuberto.

d) O incumprimento das obrigacións contraídas polo debedor privado ou os seus garantes, sempre que transcorrese o período de carencia consignado no contrato de cobertura desde a notificación do impagamento de cada vencemento contractual e resulte acreditado o cumprimento por parte do exportador e/ou asegurado das súas propias obrigacións, tanto no contrato de exportación ou de financiamento como no contrato de cobertura.

2. Con independencia do disposto no número anterior, tamén poderán ser obxecto de cobertura por conta do Estado, como risco comercial, os seguintes:

a) As perdas derivadas da execución ou a retención de fianzas vinculadas a operacións de internacionalización.

b) A resolución contraria a dereito dos contratos.

c) En xeral, os riscos de incumprimento por unha entidade privada estranxeira dos compromisos subscritos cun exportador ou investidor, e aquel outros riscos vinculados a operacións que impliquen promoción ou fomento das vendas no exterior previstos nas modalidades autorizadas de cobertura mediante póliza de seguro ou de contrato de garantía autorizados.

## Artigo 6. *Riscos políticos.*

Consideraranse riscos políticos que poden xerar perdas nas operacións de internacionalización e susceptibles de cobertura por conta do Estado, entre outros, os seguintes:

a) As actuacións e decisións expresas ou tácitas, adoptadas por institucións públicas estranxeiras, ou derivadas de condicións económicas críticas que dean lugar a unha perda económica aos asegurados ou beneficiarios das garantías por algunha das situacións que a continuación se indican:

1.º A omisión ou atraso prolongado de transferencia das sumas debidas.

Inclúense as situacións en que o debedor estranxeiro efectúese o pagamento depositando, con carácter liberatorio e en moeda local, as sumas debidas nun banco ou nunha conta oficial dentro do seu país e que, ao seren convertidos eses pagamentos na moeda pactada, non cubran o importe da débeda na data da transferencia dos fondos.

2.º Calquera outra medida ou decisión de intervención das autoridades públicas que impida o bo fin da operación de internacionalización ou do seu financiamento.

b) A existencia dunha guerra civil ou internacional, revolución, revolta, terrorismo, alteracións substanciais da orde pública ou calquera acontecemento de natureza análoga, acaecido no estranxeiro.

c) Acontecementos políticos ou económicos ou medidas legislativas ou administrativas fóra de España que produzan alteracións da balanza de pagamentos ou da paridade monetaria de significativa contía que xeren unha situación xeneralizada de insolvencia.

Entre estas, enténdese comprendida a moratoria de pagamentos exteriores no país do debedor ou, se for o caso, do garante, ou dun terceiro país a través do cal se deba efectuar necesariamente o traspaso dos fondos. Entenderase por moratoria de pagamentos o notorio incumprimento, de feito ou de dereito, das obrigacións internacionais de pagamento dun país, respecto a un ou a varios países acredores.

d) As circunstancias ou acontecementos políticos acaecidos fóra de España que dean lugar á requisa, nacionalización, confiscación, incautación, expropiación, destrución ou avaría dos bens obxecto da operación de internacionalización, así como calquera outro feito que impida a súa recepción polo cliente estranxeiro, sempre que o dano non se reparase no prazo determinado no contrato de cobertura ou cando a reparación non se prevexa por disposición legal do país importador.

e) Medidas do Goberno español, así como as medidas da Unión Europea ou outros organismos internacionais dos cales España sexa parte e estea obrigada ao seu cumprimento, que imposibiliten a exportación, a recepción do pagamento ou a recuperación da mercadoría.

f) O incumprimento contractual imputable a entidade pública estranxeira que orixine unha perda ou un dano económico na fase previa á expedición dos bens ou á prestación dos servizos e, igualmente, os incumprimentos das ditas entidades públicas respecto a acordos, contratos, concesións ou compromisos suscritos cos financiadores, investidores, ou as entidades cubertas na operación de internacionalización, que dean lugar a unha perda ou dano ou á imposibilidade de desenvolver o contrato de internacionalización.

#### Artigo 7. *Riscos extraordinarios.*

1. Son riscos extraordinarios que poden xerar perdas nas operacións de internacionalización e seren susceptibles de cobertura por conta do Estado as circunstancias ou sucesos de carácter catastrófico acaecidos no estranxeiro que impidan ao exportador, ao debedor ou, se for o caso, ao garante estranxeiro cumprir coas súas obrigacións.

2. Consideraranse riscos extraordinarios, entre outros, os ciclóns, inundacións, terremotos, erupcións volcánicas ou maremotos, así como os accidentes nucleares e os ocasionados por substancias químicas, bioquímicas ou similares.

### CAPÍTULO IV

#### **Modalidades de cobertura e pagamentos de sinistros**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Modalidades de cobertura*

#### Artigo 8. *Modalidades de cobertura.*

1. A cobertura dos riscos derivados da internacionalización da economía española poderá revestir a forma de seguro de crédito e de garantía.

2. Os contratos que instrumentan cada operación de internacionalización, xa sexa de exportación, de investimento ou do financiamento vinculado a unha operación desta clase, formarán parte integrante dos contratos de cobertura.

#### Artigo 9. *Cobertura mediante seguro.*

1. As modalidades de seguro por conta do Estado e os seus condicionados xerais serán obxecto de autorización polo ministro de Economía e Competitividade por proposta da Comisión de Riscos.

2. O axente xestor establecerá as condicións especiais e particulares que sexan necesarias para adecuar a cobertura ás características concretas de cada operación, introducindo aquelas previsións e garantías que mellor defendan o interese do Estado.

3. Corresponderá á Comisión de Riscos por conta do Estado a aprobación, por proposta do axente xestor, dos contratos de coaseguro e reaseguro.

#### Artigo 10. *Aseguramento a favor de entidades financeiras.*

1. Nas pólizas dos seguros en que interveñan como asegurados as entidades financeiras, tales como as pólizas de crédito a comprador ou de seguro a fiadores por risco de execución de fianzas, o exportador deberase comprometer por escrito a asumir a obrigaón de reembolso ante o axente xestor das indemnizacións satisfeitas por este cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Se se alterou a finalidade para a cal se deben utilizar os fondos.
- b) Se se acreditou o incumprimento das obrigaóns de información do exportador en materia ambiental ou outras reguladas legalmente, en especial aquelas derivadas da loita contra a corrupción de funcionarios estranxeiros, ou pola normativa de branqueo de capitais.
- c) Se se opuxer a se someter á fiscalización e control da entidade supervisora que se poida designar para determinar o grao de cumprimento das súas obrigaóns na operación de internacionalización.

2. O disposto no número anterior non será de aplicación se a exportación xa se realizou ou cando concorra calquera outra circunstancia que a Comisión de Riscos considere oportuna.

#### Artigo 11. *Cobertura mediante garantías.*

1. As coberturas de riscos mediante a emisión de garantías poderanse instrumentar mediante calquera das figuras previstas nos números 10 e 11 do artigo 5 da Lei 8/2014, do 22 de abril, e adaptaranse en cada caso aos requirimentos exixidos pola natureza e características da operación de internacionalización.

2. Corresponde á Comisión de Riscos, por proposta do axente xestor, a valoración e aprobación dos termos a través dos cales se instrumentan as garantías.

3. O axente xestor subscribirá co ordenante das garantías o correspondente contrato de solicitude de emisión destas, incorporando os termos e condicións que sexan necesarios para garantir o depósito previo en caso de agravación do risco ou execución da garantía, ou o reembolso dos importes garantidos.

#### Artigo 12. *Divisa.*

As operacións poderán ser aseguradas ou garantidas en calquera moeda ou divisa admitida a cotización polo Banco Central Europeo, ou en divisas non cotizadas logo de autorización expresa en tal sentido da Comisión de Riscos.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Pagamento de sinistros*

#### Artigo 13. *Condicións para a efectividade da cobertura.*

1. Para que a cobertura sexa efectiva, deberanse cumprir as condicións establecidas no contrato de cobertura e as obrigaóns a que o contratante da cobertura se sometese no contrato que instrumenta a operación de internacionalización.

2. Se se tiver garantido o cumprimento das obrigaóns do debedor mediante garantías ou unha caución, ou a obrigaón de pagamento estiver instrumentada a través de medios de pagamento, o asegurado deberá executar as garantías e medios de pagamento antes de determinar a existencia do sinistro. Para tales efectos, deberá

ter adoptado previamente as medidas necesarias para asegurarse, conforme o contrato de cobertura, de que tales garantías e medios de pagamento son válidos e executables.

Artigo 14. *Execución da cobertura.*

Mediante a execución da cobertura, o axente xestor indemnizará as perdas que os asegurados ou os beneficiarios de garantías experimenten nas operacións de internacionalización, tanto por sinistros de carácter comercial como de carácter político ou extraordinario.

Tamén indemnizarán os quebrantamentos producidos por outras operacións e riscos que afecten a actividade de internacionalización da empresa e da economía española e que expresamente se determinen en cada póliza.

Artigo 15. *Tramitación e verificación do sinistro.*

1. A tramitación do sinistro iníciase coa notificación do acaecemento do sinistro do asegurado ou do beneficiario da garantía, e este deberá trasladar ao axente xestor toda a información, documentos e probas necesarios para establecer a procedencia da indemnización.

2. A verificación do sinistro polo axente xestor axustarase ao establecido no contrato de cobertura, e deberanse realizar as investigacións e peritacións necesarias para establecer a existencia do sinistro e, se for o caso, o importe dos danos que resulten del.

O axente xestor deberá ter dereito á cesión ao seu favor dos títulos e dereitos de cobramento en virtude do contrato comercial ou do de financiamento da operación de internacionalización.

Se as perdas sufridas polo asegurado se refiren a dereitos que foron impugnados ante calquera órgano xurisdiccional ou en arbitraje para dirimir tales controversias de conformidade co contrato en que se instrumente a operación de internacionalización –ou do seu financiamento–, o axente xestor poderá aprazar a aceptación do sinistro até que o litixio sexa resolto a favor do primeiro.

Artigo 16. *Pagamento da indemnización.*

1. O pagamento da indemnización efectuarase ao termo do período de carencia previsto no contrato de cobertura, sempre que se cumprisen as condicións alí previstas e se acredite, tras a correspondente tramitación, a actuación dilixente do asegurado e a existencia dun dereito lexítimo á indemnización.

2. A indemnización efectuarase con carácter provisional e á conta da súa liquidación definitiva, sen que isto xere un dereito do axente xestor sobre o asegurado a solicitar o reembolso desta antes da dita liquidación, salvo causas xustificadas.

3. Sen prexuízo dun eventual reaxuste posterior ao elevar a indemnización a definitiva, o pagamento da indemnización provisional ao asegurado ou beneficiario produce a subrogación automática do axente xestor nos dereitos de cobramento sobre o importe do crédito indemnizado, incluíndo xuros, garantías e calquera outro dereito derivado del, exercendo os dereitos que ao Estado corresponden sobre o crédito.

4. A liquidación definitiva producirase unha vez esgotadas todas as xestións de recobramento ou resarcimento, unha vez que se determine legalmente a insolvencia definitiva do debedor, ou se o axente xestor acorda que o crédito resulta incobrable. Nese momento o axente xestor poderase subrogar formalmente na titularidade do crédito.

Artigo 17. *Contía da indemnización.*

1. A contía da indemnización virá determinada por unha porcentaxe da perda final, establecida no contrato de cobertura, que resulte de engadir ao crédito impagado os gastos orixinados polas medidas tomadas para minimizar ou evitar a perda, os custos das xestións de recobramento, os gastos procesuais e calquera outro expresamente pactado.



Se estes custos corresponden tamén a cantidades ou vencementos non cubertos polo axente xestor, imputaranse proporcionalmente ás cantidades cubertas e non cubertas.

2. A indemnización non superará o importe real da perda total nin será superior á que o titular dos ditos dereitos tería realmente dereito a percibir en virtude do contrato en que se instrumente a operación de internacionalización ou do seu financiamento. O contrato de cobertura fixará, en todo caso, unha suma máxima que represente o límite que debe pagar o axente xestor en cada sinistro.

Artigo 18. *Exclusión xeral de responsabilidade indemnizatoria.*

Nos contratos de seguro, o axente xestor quedará eximido da obrigaón de indemnizar no caso de que as perdas producidas se deban directa ou indirectamente a unha acción ou omisión do propio asegurado, en que se acredite a falta de validez ou inexhibibilidade do crédito derivada da súa instrumentación, ou a dos seus medios de pagamento ou garantías.

Esta circunstancia deberase prever expresamente nas condicións do contrato.

## CAPÍTULO V

### Do axente xestor

Artigo 19. *Procedemento de designación do axente xestor e idoneidade deste.*

1. A designación do axente xestor realizarase por medio de orde do ministro de Economía e Competitividade de conformidade co procedemento previsto na Lei 8/2014, do 22 de abril, e neste real decreto; o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, será de aplicación supletoria.

Para a selección do axente xestor terán especial consideración aqueles méritos acreditados e necesarios para garantir a eficiente xestión da cobertura dos riscos da internacionalización por conta do Estado, así como a coherencia da dita xestión coas directrices e principios da política de apoio á internacionalización da empresa.

En tal sentido, serán méritos de especial consideración, entre outros, a valoración do modelo de negocio, os medios humanos e técnicos comprometidos para a xestión, os compromisos de modernización e mantemento dos medios técnicos durante o período que dure o mandato así como o de formación do capital humano implicado, o acceso a medios e recursos complementarios e necesarios para a xestión, o acceso a fontes de información comercial, a estabilidade accionarial do axente xestor, así como a experiencia ou capacidade contrastada para poder desenvolver a dita función.

2. A Secretaría de Estado de Comercio velará por que a actividade do axente xestor sexa coherente e coordinada co resto de instrumentos de apoio oficial á internacionalización e que non entre en conflito cos intereses da economía e da empresa española e a política de fomento da internacionalización.

Para estes efectos, no procedemento de designación do axente xestor, a Secretaría de Estado de Comercio analizará se concorre a inexistencia de conflito de interese de conformidade co artigo 4.7 da Lei 8/2014, do 22 de abril, e co disposto no artigo seguinte.

Artigo 20. *Conflito de interese.*

1. Para os efectos do artigo 4.7 da Lei 8/2014, do 22 de abril, sobre cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, enténdese que hai conflito de interese inicial ou sobrevido cando o axente xestor resulte controlado directa ou indirectamente por entidades que xestionen a cobertura de riscos da internacionalización por conta doutro Estado.

En todo caso, considerarase que existe control cando a entidade que xestione a cobertura de riscos da internacionalización por conta doutro Estado teña capacidade para impor ou impedir a adopción de decisións no axente xestor ou na sociedade que o controla.

2. Enténdese que hai conflito de interese xerado por unha situación de vinculación significativa inicial ou sobrevida cando:

a) As entidades que xestionen a cobertura de riscos da internacionalización por conta doutro Estado participen directa ou indirectamente nunha porcentaxe igual ou superior ao 10 por cento do capital social, dos dereitos de voto ou teñan a capacidade de nomear ou destituír un ou máis membros no Consello de Administración do axente xestor.

b) O axente xestor estea controlado directa ou indirectamente por unha sociedade que participe en entidades que xestionen a cobertura de riscos da internacionalización por conta doutro Estado nunha porcentaxe igual ou superior ao 10 por cento do capital social, dos dereitos de voto ou teña a capacidade de nomear ou destituír un ou máis membros do seu Consello de Administración.

Non obstante, para o caso descrito nesta letra b), cando a porcentaxe de participación sexa inferior ao 30 por cento ou o número de membros do Consello de Administración que se teña capacidade de nomear ou destituír sexa inferior a un terzo, non se apreciará a existencia de conflito de interese cando a entidade que teña a participación ou teña a capacidade de nomeamento ou destitución renuncie expresamente e de maneira efectiva ao exercicio dos dereitos políticos na entidade participada.

c) Cando concorra calquera outra circunstancia non sinalada anteriormente da cal poida derivar a existencia dun transvasamento de información entre a conta española e a doutro Estado susceptible de producir un prexuízo para a primeira. Entenderase, en todo caso, que existe transvasamento de información cando non se adoptasen as medidas necesarias para manter unha estrita separación entre ambas as contas.

3. O axente xestor está obrigado a comunicar calquera alteración nas circunstancias para a posible apreciación do conflito de interese pola Secretaría de Estado de Comercio. Esta comunicación deberá realizala o axente xestor por escrito e no momento en que teña coñecemento da dita alteración.

4. En caso de conflito de interese sobrevido, a Secretaría de Estado de Comercio instruirá, se for o caso, o axente xestor, para que durante o prazo que se determine na resolución que declare o conflito adopte as medidas necesarias que permitan continuar coa actividade de xestión da cobertura de riscos por conta do Estado para que o servizo quede garantido.

#### Artigo 21. *Procedemento para a declaración do conflito de interese.*

1. A concorrencia dunha situación cualificable como conflito de interese dará lugar á apertura do correspondente procedemento para a súa declaración por parte da Secretaría de Estado de Comercio.

2. O procedemento iníciase mediante acordo motivado do secretario de Estado de Comercio que se comunicará ao axente xestor ou interesado no procedemento de selección para que no prazo de dez días achegue cantos documentos e probas considere oportunos para a mellor defensa dos seus intereses.

3. Achegados os documentos e practicadas as probas correspondentes ditarase proposta de resolución, da cal se dará traslado ao axente xestor ou interesado no procedemento de selección para que no prazo de dez días formule alegacións.

4. Formuladas as alegacións ou transcorrido o prazo para a súa presentación, ditarase resolución motivada no prazo de quince días, en que se declarará a existencia ou non de conflito de interese. A resolución porá fin á vía administrativa.

5. A declaración de existencia de conflito de interese producirá os seguintes efectos:

a) Se ten lugar durante o proceso de selección do axente xestor, a exclusión do procedemento de selección.

b) Se se produce antes da subscripción do convenio, a non subscripción e inicio dun novo proceso de selección.

c) Unha vez asinado o convenio, a súa resolución.

6. A tramitación deste procedemento producirá, se for o caso, a suspensión do procedemento de selección até a súa resolución. En caso de que se tramite este procedemento durante a prestación do servizo, poderanse adoptar as medidas provisionais necesarias nos termos e co alcance do artigo 72 da Lei 30/ 1992, do 26 de novembro, para garantir a eficacia da resolución que poida recaer.

## Artigo 22. *Convenio de xestión.*

1. Os dereitos, obrigacións e tarefas que desenvolverá o axente xestor estarán contidos no convenio de xestión.

2. O convenio de xestión detallará os termos e condicións para o exercicio das funcións para as que se habilita o axente xestor, entre os que necesariamente figurarán os seguintes:

a) O sometemento ás instrucións recibidas da Comisión de Riscos e a colaboración con esta no cumprimento das funcións que ten atribuídas.

b) O réxime de responsabilidade derivado do incumprimento das instrucións recibidas, incluídas as causas de resolución do convenio.

c) Verificar que os proxectos aos cales dá cobertura oficial adoptan prácticas e medidas adecuadas de prevención e mitigación dos riscos ambientais, así como de transparencia e bo goberno aceptados polo Reino de España e, en particular, o disposto no Convenio para combater a corrupción de axentes públicos estranxeiros nas transaccións económicas internacionais.

d) A declaración de ausencia de conflito de interese e a comunicación da alteración das circunstancias que permitan a súa posible apreciación.

e) O compromiso de separación estrita entre as operacións de cobertura de risco de crédito por conta propia e por conta do Estado.

f) A capacidade de subscribir convenios sobre moratorias e remisións parciais ou totais de débeda así como de allear os créditos derivados das coberturas.

g) A asunción da actividade de xestión da conta do Estado ao seu risco e ventura.

h) Informar a Comisión de Riscos cando teña coñecemento de novos produtos que poidan contribuír a mellorar a xestión do instrumento de cobertura dos riscos da internacionalización por conta do Estado.

i) A ordenación dos medios materiais e humanos necesarios para prover unha eficaz e eficiente xestión da conta do Estado. Para estes efectos, o axente xestor informará sobre os cambios nos recursos humanos destinados a atender a xestión da conta do Estado.

j) A obrigación do axente xestor de informar o Estado por iniciativa do Ministerio de Economía e Competitividade ou da Comisión de Riscos por conta do Estado, facilitando, coa periodicidade que sexa acordada, canta información sexa requirida sobre os riscos por conta do Estado obxecto da xestión ou sobre a propia actividade de xestión deses riscos, sobre o sistema de comisións cargadas ás operacións polo axente xestor na súa actividade de conta do Estado, sobre a composición da carteira da conta do Estado, sobre as ofertas emitidas, sobre a calidade do risco da carteira, sobre a distribución xeográfica da actividade do axente xestor, sobre as primas cobradas, sobre os falidos producidos e recobrados, sobre a solvencia técnica e financeira da conta do Estado e sobre a situación macroeconómica e as súas eventuais implicacións na evolución da exposición aos principais riscos xeográficos da conta do Estado, entre outros.

k) A presentación da información técnica, económica e financeira dos debedores, asegurados e/ou beneficiarios da cobertura cando así o solicite a Comisión de Riscos.

l) A remisión de información sistemática e puntual sobre a débeda externa de que o Estado sexa acredor como consecuencia da cobertura outorgada por conta do Estado e

os procedementos que garantan a calidade desta información e a súa adaptación aos requirimentos do Ministerio de Economía e Competitividade como xestor desa débeda.

m) As obrigacións de información sobre as xestións encamiñadas ao recobramento da débeda, con indicación das posibles medidas que minoren o custo para o Estado.

n) A participación nas reunións e foros internacionais que se determinen en materia de seguro de crédito á exportación e xestión de débeda externa, de acordo coas instrucións do Ministerio de Economía e Competitividade, a súa preparación e a garantía da confidencialidade da información correspondente.

o) A documentación que o axente xestor debe facilitar e presentar á Comisión de Riscos para a análise das operacións que vai cubrir.

p) A retribución ao axente xestor pola xestión, administración e control da cobertura dos riscos que se asumen por conta do Estado.

q) Os termos e condicións que rexerán o eventual traspaso da condición de axente xestor.

r) Os posibles termos e condicións de continuar prestando, transitoria e temporalmente, a cobertura dos riscos por conta do Estado que establece no número 3 da disposición adicional segunda da Lei 8/2014, do 22 de abril.

s) Calquera outra disposición que se entenda necesaria para a mellor prestación de servizos do axente xestor.

#### Artigo 23. *Habilitación do axente xestor.*

1. O axente xestor asumirá a actividade de xestión da conta do Estado de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 8/2014, do 22 de abril.

2. O axente xestor será responsable dos danos e perdas causados como consecuencia da súa actuación por conta do Estado cando esta se levase a cabo contravindo a normativa en vigor, o convenio de xestión e as instrucións recibidas da Comisión de Riscos ou do Ministerio de Economía e Competitividade.

3. A Comisión de Riscos poderá habilitar o axente xestor para aprobar ou modificar determinadas operacións en función do seu importe, duración ou outras características.

Así mesmo, poderá establecer un nivel de atribucións nas facultades outorgadas ao axente xestor para que, de conformidade coas instrucións e directrices que, se for o caso, reciba da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa, poida subscribir convenios sobre moratorias, reestruturacións ou remisións de débeda non vinculadas a programas de tratamento con doazón ou conversión de débeda entre Estados, que, en calquera caso, deberán ser ratificados polo ministro de Economía e Competitividade.

O axente xestor informará mensualmente a Comisión de Riscos das decisións de aprobación ou modificación de tales operacións, así como dos sinistros aceptados e indemnizacións satisfeitas.

#### Artigo 24. *Separación de actividades por conta propia e por conta do Estado.*

1. Se o axente xestor realiza operacións de cobertura de risco de crédito por conta propia, é condición necesaria, tanto para ser designado como para continuar co exercicio da xestión da actividade por conta do Estado, que manteña unha estrita separación funcional entre ambas as actividades de cobertura.

2. O axente xestor non poderá cubrir riscos por conta propia e riscos non negociables ou por conta do Estado, mediante un mesmo contrato de cobertura; deberá existir unha diferenciación nítida dos produtos, tanto na súa comercialización –incluíndo a súa publicidade e difusión– como na súa xestión, e requirirase unha contabilización separada e independente dos riscos da conta do Estado.

3. O réxime de separación proposto polo axente xestor deberá ser aprobado unha vez asinado o convenio de xestión, ao comezo da actividade, pola Secretaría de Estado de Comercio e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. A Comisión de Riscos poderá solicitar ao axente xestor canta información considere necesaria sobre as operacións de cobertura de risco por conta propia que

realice para verificar a separación estrita de ambas as actividades. Os membros da Comisión deberán tratar a información achegada como estritamente confidencial e para o único efecto de verificar a separación dos negocios.

Artigo 25. *Retribución do axente xestor.*

1. A retribución do axente xestor fixarase no convenio de xestión como unha porcentaxe para deducir da prima aboada neta de anulacións e extornos polas coberturas contratadas polos asegurados, beneficiarios ou ordenantes das garantías.

2. A retribución, en todo caso, non poderá exceder o 20 por cento das primas aboadas, netas de anulacións e extornos, polas coberturas contratadas, e estará dividida en dous tramos: un tramo fixo e outro variable. A porcentaxe correspondente a cada un destes tramos fixarase no Convenio de xestión atendendo a factores como os custos do axente xestor, a eficacia e eficiencia na xestión, o cumprimento dos obxectivos e directrices de política comercial e os esforzos en modernización de medios e mellora dos recursos destinados á xestión da conta do Estado, entre outros.

3. O convenio de xestión deberá prever tamén o tratamento da comisión no caso de operacións de coaseguro, reaseguro aceptado ou cedido.

Artigo 26. *Convenios e moratorias.*

1. O axente xestor, de conformidade coas instrucións e directrices que reciba da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa, está facultado para a realización das seguintes actuacións:

- a) Subscribir acordos sobre refinanciamento ou reestruturación de débeda, moratorias e remisións parciais ou quitacións de débeda.
- b) Allear os créditos derivados das coberturas.
- c) Realizar calquera outra transacción ou convenio comercial ao uso internacional.

2. Os convenios deberaos ratificar o ministro de Economía e Competitividade.

Artigo 27. *Adecuación dos recursos e medios para a xestión da cobertura por conta do Estado.*

1. O axente xestor remitirá coa periodicidade que fixe a Comisión de Riscos, ou cando así o solicite a Secretaría de Estado de Comercio, a información e os datos que resulten necesarios para coñecer a actividade de xestión por conta do Estado que realiza e os seguros ou garantías asumidos.

2. O axente xestor deberá comunicar á Comisión de Riscos os medios humanos e técnicos asignados á conta do Estado e notificar, antes de que se produzan, os cambios dos responsables da xestión da conta do Estado.

3. Os responsables da xestión da conta do Estado deberán reunir en todo momento os requisitos de honorabilidade profesional e empresarial exigibles a aqueles que dirixen de maneira efectiva as entidades aseguradoras reguladas no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión de seguros privados aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, experiencia probada no sector, así como os coñecementos necesarios en materia de cobertura de riscos da internacionalización por conta do Estado.

## CAPÍTULO VI

### **A Comisión de Riscos por conta do Estado**

Artigo 28. *Obxecto, natureza e composición da Comisión de Riscos por conta do Estado.*

A Comisión de Riscos por conta do Estado, creada pola Lei 8/2014, do 22 de abril, como órgano colexiado interministerial adscrito ao Ministerio de Economía e

Competitividade a través da Secretaría de Estado de Comercio é o órgano a través do cal a Administración xeral do Estado participa, controla e exerce un seguimento da xestión que realice o axente xestor na súa actividade para a cobertura de riscos por conta do Estado. Para tales efectos, é o órgano de relación e coordinación entre a Administración xeral do Estado e o axente xestor.

Artigo 29. *Composición da Comisión.*

1. A composición da Comisión de Riscos, así como o procedemento de nomeamento dos seus membros, quedan establecidos no artigo 7 da Lei 8/2014, do 22 de abril.

2. A duración do mandato dos membros da Comisión de Riscos será de tres anos e o dito mandato poderá ser renovado por iguais períodos de tempo.

3. A condición de membro da Comisión de Riscos perderase, ademais de por expiración ou non renovación do seu mandato, polo cesamento na dita condición, ou por calquera outra causa conforme a dereito.

Artigo 30. *Funcionamento da Comisión de Riscos.*

1. O funcionamento e a organización da Comisión rexeráse polas previsións da Lei 8/2014, do 22 de abril, polo establecido neste real decreto e polas normas de funcionamento interno; as previsións contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación co réxime de funcionamento de órganos colexiados, serán de aplicación supletoria.

2. A Comisión reunirse coa periodicidade e na forma que esta estableza, atendendo ás necesidades das operacións que sexan propostas polos servizos do axente xestor.

3. O director xeral de Comercio Internacional e Investimentos asumirá a Vicepresidencia e, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade do presidente exercerá a Presidencia. O resto de membros da Comisión de Riscos terán a consideración de vogais e deberán ter o rango mínimo de subdirector xeral ou asimilado nos seus departamentos de orixe. Con carácter excepcional, poderanse nomear outros funcionarios de inferior rango, en todo caso pertencentes ao subgrupo A1, atendendo a criterios de competencia, experiencia e responsabilidade.

4. Corresponderá ao ministro de Economía e Competitividade e por proposta dos respectivos órganos de pertenza, de conformidade co previsto no artigo 7 da Lei 8/2014, do 22 de abril, proceder á designación dos suplentes que deberán substituír os membros da Comisión para o caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

5. As normas internas de funcionamento determinarán o réxime de convocatorias, comunicacións, réxime subsidiario das delegacións en defecto de suplente e quórum e cantos outros aspectos resulten precisos para o correcto funcionamento da Comisión. As normas deberaas aprobar a maioría dos membros da Comisión.

6. O secretario da Comisión de Riscos deberá ser un funcionario pertencente ao subgrupo A1 destinado no Ministerio de Economía e Competitividade. Realizará as tarefas propias da secretaría dun órgano colexiado, como é o apoio técnico e administrativo á Comisión de Riscos. Contará co soporte do axente xestor, nos termos que estableza o convenio de xestión.

Artigo 31. *Constitución e maiorías.*

Para a válida constitución da Comisión de Riscos, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e do secretario ou, se for o caso, daqueles que os substitúan, e a de, ao menos, a metade dos seus membros titulares ou suplentes, sen prexuízo do carácter subsidiario da delegación.

Para a válida adopción de acordos é necesario que voten a favor a metade máis un dos membros presentes ou representados da Comisión de Riscos.

*Artigo 32. Constitución de grupos de traballo.*

1. A Comisión de Riscos poderá acordar a creación, modificación ou extinción de grupos de traballo, logo de solicitude de dous terzos dos seus membros. O acordo de creación do grupo de traballo deberá especificar a súa composición, as funcións que se lle encomendan e, se for o caso, o prazo para a súa consecución.

En ningún caso a constitución de grupos de traballo suporá incremento de gasto e será atendido na súa función polos medios do Ministerio de Economía e Competitividade.

2. Estes grupos de traballo aprobarán as súas propias normas de funcionamento interno e o seu propio calendario de reunións.

*Artigo 33. Análise de operacións por parte da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.*

1. De acordo co disposto na letra b) do artigo 8 da Lei 8/2014, do 22 de abril, en relación con operacións de especial relevancia, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos acordará os criterios de cobertura e xestión dos riscos aplicables, por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade, logo de solicitude ao respecto da Comisión de Riscos por conta do Estado.

2. As operacións de especial relevancia determinaranse en función do seu importe, natureza, país de destino, concentración de risco, elevado impacto potencial na débeda externa ou de calquera outro criterio, segundo acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Para estas operacións a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos tamén acordará os requisitos de información que sexan necesarios.

## CAPÍTULO VII

### Cálculo das tarifas

*Artigo 34. Prezo da cobertura.*

1. Corresponde á Comisión de Riscos propor ao ministro de Economía e Competitividade as tarifas correspondentes á cobertura das operacións e o criterio para a súa aplicación.

2. As tarifas serán conformes co principio de suficiencia de primas e prezos e, polo tanto, adecuadas para cubrir os custos de explotación do sistema e potenciais perdas a longo prazo, atendendo ás circunstancias propias das áreas ou mercados exteriores e tendo en conta a cualificación crediticia de exportadores e importadores e as garantías que se acheguen na operación.

Estas tarifas deberanse suxeitar, en todo caso, ao previsto nos acordos e normas europeas e internacionais no ámbito do seguro de crédito á exportación con apoio oficial.

3. As primas da cobertura resultantes para cada operación calcularaaas o axente xestor.

4. O axente xestor realizará os informes actuariais e de estudo de países que sexan necesarios para a elaboración das notas técnicas que se deban incluír na documentación que se deba presentar á Comisión de Riscos para a aprobación das tarifas por parte do ministerio.

5. O importe total do prezo da cobertura, que se considera único e indivisible, aboabase na data fixada no contrato de cobertura.

## CAPÍTULO VIII

**Réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control da cobertura dos riscos da internacionalización***Artigo 35. Xestión do Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización.*

1. O Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización, en diante, o Fondo, será xestionado e administrado polo Consorcio de Compensación de Seguros nos termos fixados na Lei 8/2014, do 22 de abril, e neste real decreto.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros elaborará anualmente a proposta dos seus orzamentos de explotación e de capital de acordo co establecido no artigo 64 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a partir da información e estimacións que lle remita o axente xestor sobre a evolución dos riscos por conta do Estado. Na dita proposta incluírase o gasto imputable á xestión e administración do Fondo, que se detraerá dos seus recursos para remunerar o Consorcio de Compensación de Seguros polo exercicio da dita actividade.

*Artigo 36. Convenio para a xestión do Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización.*

1. Os dereitos, obrigacións e tarefas que vai desenvolver o Consorcio de Compensación de Seguros estarán contidos no convenio de colaboración que para o efecto subscriba coa Secretaría de Estado de Comercio.

2. O contido mínimo esencial do convenio deberá expresar:

a) A obrigación do Consorcio de Compensación de Seguros de cumprir coas instrucións recibidas da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para a administración e xestión da tesouraría.

Así mesmo, o investimento da tesouraría do Fondo deberá contar, para cada operación, coa aprobación da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira ou axustarse ao Plan xeral de investimentos aprobado pola dita secretaría xeral.

b) O compromiso de separación contable e operacional estrita entre as actividades que realice o Consorcio de Compensación de Seguros como administrador do Fondo do resto das súas operacións.

c) A contía máxima dos gastos en que incorra o Consorcio de Compensación de Seguros que se poderán imputar ao orzamento do Fondo, no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

d) A obrigación do Consorcio de Compensación de Seguros de levar a contabilidade de todas as operacións do Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización e de preparar as súas contas anuais.

e) Calquera outra obrigación que sexa acordada polas partes e recollida no citado convenio.

*Artigo 37. Provisión de fondos para pagamentos.*

Para que o axente xestor poida facer fronte aos pagamentos que deba realizar en calquera moeda, por sinistros, participación dos asegurados nos recobramentos, extornos e calquera outro que teña que realizar pola actividade que se lle encomendou, o Consorcio de Compensación de Seguros deberá ter realizado a provisión de fondos suficiente para atender os pagamentos solicitados nas contas bancarias que sexan de titularidade do Fondo, abertas no Banco de España ou noutras entidades financeiras, das que poderá dispor o axente xestor.

O axente xestor está obrigado a comunicar ao Consorcio de Compensación de Seguros por escrito, cunha antelación mínima de seis días hábiles á data prevista dos pagamentos, o importe da provisión de fondos de que necesita dispor para facer fronte aos pagamentos que deba realizar.

En todo caso, o axente xestor remitirá con suficiente antelación a previsión mensual dos pagamentos para realizar en cada moeda en que estea instrumentado o seguro ou a garantía.



Artigo 38. *Liquidación das contas de efectivo.*

1. O axente xestor, ao finalizar cada mes, realizará a liquidación e o pagamento das contas de efectivo correspondentes á cobertura por conta do Estado dos riscos de internacionalización da economía española.

2. O saldo acreedor das contas citadas será ingresado na conta bancaria que sexa de titularidade do Fondo, designada polo Consorcio de Compensación de Seguros como administrador deste.

3. No caso de que exista saldo debedor a favor do axente xestor, o Consorcio de Compensación de Seguros ingresará o dito importe na conta bancaria designada polo axente xestor.

Artigo 39. *Contabilidade e control do Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización.*

1. A contabilidade do Fondo de Reserva dos Riscos da internacionalización deberase axustar ás normas contables relativas aos fondos carentes de personalidade xurídica a que se refire o número 2 do artigo 2 da Lei xeral orzamentaria, aprobadas pola Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 11 de xullo de 2011, coas adaptacións que, se for o caso, aprobe a mesma Intervención Xeral da Administración do Estado, en atención ás particularidades específicas das operacións de cobertura de riscos que realiza o Fondo.

2. Para os efectos do cumprimento da obrigaición do axente xestor prevista no número 3 do artigo 10 da Lei 8/2014, do 22 de abril, de remisión ao Consorcio de Compensación de Seguros dos estados contables agregados necesarios para a incorporación á contabilidade do Fondo de todas as operacións que o axente xestor realice por conta do Estado, mensualmente remitirá este resumos contables comprensivos de todas as operacións realizadas durante o período a que se refira a dita información. Así mesmo, remitirse canta información adicional requira o Consorcio coa finalidade de que este elabore as contas anuais do Fondo.

3. As contas anuais do Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización elaboraraas o Consorcio de Compensación de Seguros como contable, administrador e xestor del; a formulación e aprobación das ditas contas anuais corresponderalle á Comisión de Riscos por Conta do Estado e estarán suxeitas á auditoría da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Retribución.*

Entre o momento en que se produza a perda da maioría do capital do Estado na Cesce e a fin do ano natural en que se produza a dita perda, e durante o seguinte ano natural a retribución que corresponda ao axente xestor será do 20 por cento das primas aboadas, netas de anulacións e extornos, polas coberturas contratadas.

A partir de entón, corresponderalle a retribución que estableza o convenio de xestión conforme o disposto no artigo 25.

Disposición transitoria segunda. *Operacións, modalidades de cobertura, tarifas e atribucións vixentes.*

Os preceptos deste real decreto serán de aplicación ás coberturas dos riscos asumidos pola Cesce por conta do Estado actualmente en vigor, sen que por isto se modifiquen os termos e condicións das pólizas subscritas cos asegurados.

Así mesmo, enténdese que todas as tarifas e modalidades de cobertura autorizadas até a data e os seus condicionados serán válidas e vixentes para todos os efectos.

Adicionalmente, manteranse as atribucións conferidas ao axente xestor con carácter previo ao momento de entrada en vigor deste real decreto até que a Comisión de Riscos decida a súa revisión.

Disposición transitoria terceira. *Declaración de conflito de interese no proceso de alleamento da Cesce.*

A declaración da Secretaría de Estado de Comercio de que os interesados na adquisición da maioría do capital da Cesce no proceso de alleamento non se encontran en situación de conflito de interese será requisito previo á presentación de ofertas nos termos sinalados nas condicións que rexan o alleamento. A declaración obtérase por solicitude dos interesados, achegando cantos documentos e probas se consideren oportunos, e no demais será de aplicación o previsto nos números 3 e 4 do artigo 21.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derrogado o Decreto 3138/1971, do 22 de decembro, polo que se regula o seguro de crédito á exportación.
2. Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión de seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

O Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Engádesse unha letra j) ao artigo 29.2, que queda redactada do seguinte modo:

«2. As provisións técnicas son as seguintes:

- a) De primas non consumidas.
- b) De riscos en curso.
- c) De seguros de vida.
- d) De participación en beneficios e para extornos.
- e) De prestacións.
- f) A reserva de estabilización.
- g) Do seguro de decesos.
- h) Do seguro de enfermidade.
- i) De desviacións nas operacións de capitalización por sorteo.
- j) De xestión de riscos derivados da internacionalización asegurados por conta do Estado.»

Dous. Engádesse o artigo 48 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 48 bis. *Provisión de xestión de riscos derivados da internacionalización asegurados por conta do Estado.*

1. O axente xestor da cobertura dos riscos derivados da internacionalización por conta do Estado deberá dotar a provisión para xestión dos riscos derivados da internacionalización asegurados por conta do Estado.

2. O importe desta provisión estará constituído pola parte da retribución para a xestión correspondente aos riscos en curso imputable a períodos futuros, calculada segundo a distribución temporal dos custos incorridos e esperados, máis o valor actual dos gastos esperados necesarios para a total liquidación de sinistros e a recuperación dos impagamentos, refinanciados e non refinanciados, en cumprimento das obrigacións asumidas polo axente xestor, derivadas dos contratos de seguro e garantías subscritos e do correspondente convenio de xestión subscrito co Estado.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor do réxime orzamentario e económico-financeiro, contable e de control da cobertura dos riscos da internacionalización.*

O capítulo VIII deste real decreto relativo ao réxime orzamentario e económico-financeiro, contable e de control da cobertura dos riscos da internacionalización entrará en vigor no momento en que se constitúa o Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización unha vez que dispoña dos correspondentes orzamentos de explotación e de capital aprobados por norma con rango de lei cos efectos que nela se establezan, até entón manterase o réxime vixente.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Habílase o ministro de Economía e Competitividade para desenvolver as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO